



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 159
7 de agosto de 2017

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

I 13302 - 3067 (10/PRE-000585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan

[42807](#)

I 13303 - 4041 (10/PRE-000694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fillas e fillos con enfermidades graves

[42808](#)

I 13097 - 7994 (10/PRE-001090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural ante a presenza de casos de gripe aviar noutras comunidades autónomas, así como o protocolo actual de actuación en Galicia no caso da aparición dalgún positivo

[42809](#)

I 13100 - 8560 (10/PRE-001164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto das intencións do Goberno central de trasladar ao Mediterráneo o único helicóptero que ten o Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, as actuacións levadas a cabo para evitar a súa perda, así como o desmantelamento dese servizo en Galicia

[42812](#)

I 13107 - 9513 (10/PRE-001378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as circunstancias da doazón por unha empresa provedora habitual do Sergas de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, os datos referidos á lista de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do centro, así como á derivación de doentes a centros privados, e as actuacións previstas para diminuír esas listas

[42814](#)

I 13106 - 9941 (10/PRE-001418)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis**

Sobre o coñecemento polo Sergas da problemática asistencial e laboral exposta polo persoal sanitario das plantas de Medicina Interna e de Especialidades do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, as súas intencións referidas ao incremento de persoal nelas, así como as actuacións e os prazos previstos ao respecto [42817](#)

I 13111 - 10261 (10/PRE-001454)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto da suficiencia da actual dotación de persoal facultativo do concello de Soutomaior, as razóns existentes para non cubrir as baixas e vacacións dese persoal, e, se é o caso, as medidas e os prazos previstos para mellorar a atención sanitaria nese municipio [42820](#)

I 13113 - 10736 (10/PRE-001512)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 [42823](#)

I 13301 - 11186 (10/PRE-001553)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre a partida orzamentaria na que están consignados os cerca de oito millóns de euros correspondentes ao investimento anunciado polo Goberno galego para a rehabilitación do Hospital Materno-Infantil de Lugo [42825](#)

I 13095 - 6083 (10/PRE-002660)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras ao río San Fins de augas ácidas residuais procedentes da mina de San Fins, no concello de Lousame [42826](#)

I 13099 - 7446 (10/PRE-002818)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as condicións laborais dos traballadores do transporte por estrada de Sogama [42828](#)

I 13102 - 8234 (10/PRE-002908)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para evitar novos asolagamentos na vila de Sada [42830](#)

I 13104 - 8945 (10/PRE-002974)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e 6 máis**

Sobre as consecuencias de tipo sancionador que podería ter a fixación dun prezo mínimo para o leite pola Administración autonómica e a súa afectación [42832](#)

I 13096 - 4809 (10/PRE-003760)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo, as razóns da diminución ano a ano das indemnizacións polos danos que causa e o tempo que leva de media a tramitación dos expedientes de indemnización, así como o recoñecemento da especial incidencia dos ataques do lobo no concello de Cotobade-Cerdedo e o estudo de medidas de protección para que o terreo pase a ser zona 1 [42834](#)

I 13101 - 8256 (10/PRE-003820)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva, e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa sentenza do Tribunal Supremo que deixa sen efecto a autorización ambiental integrada outorgada para a instalación e o funcionamento da cementeira de Castro, en Narón [42836](#)

I 13098 - 7686 (10/PRE-004634)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre os datos referidos ás actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego ata o ano 2020 con cargo ao plan específico para fixar poboación no medio rural, dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional [42838](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 28 de xullo de 2017, polo que se toma coñecemento e se ordena a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web do balance e conta de resultados do exercicio 2016 da subvención asignada ao Grupo Parlamentario Mixto na IX lexislatura con cargo ao orzamento do Parlamento

— G.P. Mixto (doc. núm.13125)

[42848](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Corrección de erros na execución administrativa do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo de 2017 polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia [42805](#)

■ Corrección de erros na execución administrativa do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo de 2017 polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual [42806](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 1 de agosto de 2017, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 13302 - 3067 (10/PRE-000585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan

BOPG nº 49, do 20.01.2017

- 13303 - 4041 (10/PRE-000694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fillas e fillos con enfermidades graves

BOPG nº 59, do 03.02.2017

- 13097 - 7994 (10/PRE-001090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quintero Araújo, Paula

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural ante a presenza de casos de gripe aviar noutras comunidades autónomas, así como o protocolo actual de actuación en Galicia no caso da aparición dalgún positivo

BOPG nº 106, do 27.04.2017

- 13100 - 8560 (10/PRE-001164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto das intencións do Goberno central de trasladar ao Mediterráneo o único helicóptero que ten o Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, as actuacións levadas a cabo para evitar a súa perda, así como o desmantelamento dese servizo en Galicia

BOPG nº 114, do 12.05.2017

- 13107 - 9513 (10/PRE-001378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as circunstancias da doazón por unha empresa provedora habitual do Sergas de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, os datos referidos á lista de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do centro, así como á derivación de doentes a centros privados, e as actuacións previstas para diminuír esas listas
BOPG nº 121, do 01.06.2017

- 13106 - 9941 (10/PRE-001418)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre o coñecemento polo Sergas da problemática asistencial e laboral exposta polo persoal sanitario das plantas de Medicina Interna e de Especialidades do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, as súas intencións referidas ao incremento de persoal nelas, así como as actuacións e os prazos previstos ao respecto

BOPG nº 129, do 15.06.2017

- 13111 - 10261 (10/PRE-001454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto da suficiencia da actual dotación de persoal facultativo do concello de Soutomaior, as razóns existentes para non cubrir as baixas e vacacións dese persoal, e, se é o caso, as medidas e os prazos previstos para mellorar a atención sanitaria nese municipio

BOPG nº 129, do 15.06.2017

- 13113 - 10736 (10/PRE-001512)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017

BOPG nº 137, do 29.06.2017

- 13301 - 11186 (10/PRE-001553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a partida orzamentaria na que están consignados os cerca de oito millóns de euros correspondentes ao investimento anunciado polo Goberno galego para a rehabilitación do Hospital Materno-Infantil de Lugo

BOPG nº 141, do 06.07.2017

- 13095 - 6083 (10/PRE-002660)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras ao río San Fins de augas ácidas residuais procedentes da mina de San Fins, no concello de Lousame

- 13099 - 7446 (10/PRE-002818)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as condicións laborais dos traballadores do transporte por estrada de Sogama

- 13102 - 8234 (10/PRE-002908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para evitar novos asolagamentos na vila de Sada

- 13104 - 8945 (10/PRE-002974)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre as consecuencias de tipo sancionador que podería ter a fixación dun prezo mínimo para o leite pola Administración autonómica e a súa afectación

- 13096 - 4809 (10/PRE-003760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo, as razóns da diminución ano a ano das indemnizacións polos danos que causa e o tempo que leva de media a tramitación dos expedientes de indemnización, así como o recoñecemento da especial incidencia dos ataques do lobo no concello de Cotobade-Cerdedo e o estudo de medidas de protección para que o terreo pase a ser zona 1

- 13101 - 8256 (10/PRE-003820)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva, e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa sentenza do Tribunal Supremo que deixa sen efecto a autorización ambiental integrada outorgada para a instalación e o funcionamento da cementeira de Castro, en Narón

- 13098 - 7686 (10/PRE-004634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego ata o ano 2020 con cargo ao plan específico para fixar poboación no medio rural, dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento, do 28 de xullo de 2017, polo que se toma coñecemento e se ordena a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Portal de transparencia da páxina web do balance e conta de resultados do exercicio 2016 da subvención asignada ao Grupo Parlamentario Mixto na IX lexislatura con cargo ao orzamento do Parlamento

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

— 13125. Escrito de dona María Consuelo Martínez García, en representación do G. P. Mixto na IX lexislatura, polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2016 da subvención asignada ó grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento.

A Mesa toma coñecemento e acorda a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de Transparencia da páxina web.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Corrección de erros na execución administrativa do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo de 2017 polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia

Advertido un erro material na execución administrativa, e por conseguinte na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 155, do 1 de agosto de 2017, do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo de 2017, polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 40845, onde di: «A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de outubro de 2017.», debe dicir: «A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de decembro de 2017.»

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017

Miguel Santalices Vieira

Presidente

Corrección de erros na execución administrativa do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo de 2017 polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual

Advertido un erro material na execución administrativa, e por conseguinte na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 155, do 1 de agosto de 2017, do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo de 2017, polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, procédese á súa corrección nos seguintes termos:



Na páxina 40858, onde di: «A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de outubro de 2017», debe dicir: «A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de decembro de 2017.»

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017
Miguel Santalices Vieira
Presidente



XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 3067, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan”, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 17 de marzo de 2017 polo Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 3065.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Blanca García-Señorans Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 4041, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ a modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fillas e fillos con enfermidades graves”, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Por Resolución do 7 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral da Función Pública, publicada no DOG de 13 de febreiro, modifícase a Resolución do 24 de febreiro de 2016 pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Senoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7994**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural diante da presenza de casos de gripe aviar noutras comunidades autónomas, así como o protocolo actual de actuación en Galicia, no caso da aparición dalgún positivo”**, (publicada no BOPG número 106 do 27 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Dende que a finais de 2016 cambiou o nivel de alerta en España, derivado da situación epidemiolóxica por Influenza Aviaria en varios países europeos e particularmente en Francia, a Consellería do Medio Rural ofreceu información puntual e actualizada desta situación á totalidade dos Servizos Veterinarios Oficiais e a todos os axentes do sector avícola na nosa comunidade (comercializadoras, avicultores, veterinarios especialistas en avicultura...).

O máis importante para loitar contra esta enfermidade é a vixilancia pasiva, é dicir a observación de aves domésticas ou silvestres para a detección o máis precoz posible da existencia de síntomas que poidan indicar a presenza da enfermidade.

Así, intensificouse esta vixilancia e reforzáronse os controis e as medidas orientadas a evitar o contacto entre aves de curral coas especies silvestres.

Neste senso, a Xunta creou un rexistro administrativo de explotacións avícolas non comerciais (currais familiares) en determinadas zonas de especial risco de aparición da gripe aviaria. Este rexistro é necesario desde o punto de vista da sanidade animal para ter localizados estes currais, detectar calquera situación anómala e tomar as medidas necesarias no caso de aparición da gripe aviaria no noso territorio, si ben debemos destacar que o rexistro non ten ningunha outra finalidade nin supón ningún custe económico, polo que non lle ocasiona ningún prexuízo ás persoas titulares destes currais.

Paralelamente á vixilancia pasiva, desenvólvese como en anos anteriores un programa de vixilancia activa, con visitas a explotacións concretas en función dunha análise previa de riscos de contaxio da enfermidade e toma de mostras para análise no laboratorio, ademais do control dos movementos de entrada de aves procedentes de zonas de risco. Permanentemente os servizos veterinarios oficiais reciben comunicación dos movementos de entrada de aves na nosa Comunidade, prestando especial atención nos traslados procedentes de Francia, nos que se realiza un control posterior á chegada dos animais. Este control ampliarase a traslados procedentes de zonas próximas ás de risco en España.

En todo caso, falamos sempre de medidas preventivas, xa que non só non se rexistrou ningún caso na nosa comunidade, senón que ata o momento no se ten detectado ningún feito que implique un risco.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:35:51



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13100

Data envío: 26/07/2017 15:36:38.012

Data 26/07/2017 15:36

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8560**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego respecto das intencións do Goberno central de trasladar ao Mediterráneo o único helicóptero que ten o Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, as actuacións levadas a cabo para evitar a súa perda, así como o desmantelamento dese servizo en Galicia”**, (publicada no BOPG número 114 do 12 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 19 de maio de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 8558, presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 802d4457-0a66-e555-a530-2c95894408f1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:36:33



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9513**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as circunstancias da doazón por unha empresa provedora habitual do Sergas de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, os datos referidos á lista de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do centro, así como á derivación de doentes a centros privados, e as actuacións previstas para diminuír esas listas”**, (publicada no BOPG número 121 do 1 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Existe un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Medtronic, SA para o fomento da calidade asistencial nos complexos hospitalarios do Sergas.

Segundo os rexistros do 25 do mes de xuño hai 12.463 pacientes en espera por proba diagnóstica. E o tempo medio de espera é de 64,7 días.

Ata o 30 de maio de 2017 remitíronse ao centro concertado o 2,5% do total de probas programadas.

O servizo de Radiodiagnóstico do CHUS dispón dos medios humanos e materiais necesarios para dar unha axeitada resposta asistencial. Os tempos de resposta na realización de probas melloraron nun 6,4% co respecto aos acadados no ano 2016. A Xerencia segue a xestionar os recursos para a mellora nos tempos de resposta incorporando os medios humanos e materiais necesarios. Concretamente no servizo de radiodiagnóstico incorporáronse dous efectivos a maiores, e as máquinas de TAC e RNM funcionan en horario de lunes a sábado en xornada de mañana e tarde, e os domingos en xornada de mañana.

Os novos equipos permitirán aumentar a actividade programada, e contribuirán a mellorar os tempos de resposta na realización destas probas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:38:18



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9941**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“o coñecemento polo Sergas da problemática asistencial e laboral exposta polo persoal sanitario das plantas de Medicina Interna e de Especialidades do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, as súas intencións referidas ao incremento de persoal nelas, así como as actuacións e os prazos previstos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O persoal de enfermería planifícase en base á necesidade de coidados, ao perfil dos pacientes e ao índice de ocupación.

Polo tanto o persoal asígnase ás unidades en función da carga de traballo, a que é valorada todos os días pola Supervisora da Unidade, que realiza os axustes precisos en caso de necesidade. A finalidade é a de dar sempre a mellor atención aos usuarios da nosa área sanitaria.

A creación do centro de persoas dependentes non implicou aumento da frecuentación no Hospital, de feito nos últimos anos o índice de ocupación non aumentou, sendo no 2016 dun 58,39%. Asimesmo o número de tarxetas sanitarias na nosa área tamén diminuíu nos últimos anos.

Polo tanto consideramos que non existen problemas a nivel asistencial nas plantas de Medicina Interna e Especialidades no Hospital de Monforte.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:38:07



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Consellería de Sanidade respecto da suficiencia da actual dotación de persoal facultativo do concello de Soutomaior, as razóns existentes para non cubrir as baixas e vacacións dese persoal, e, se é o caso, as medidas e os prazos previstos para mellorar a atención sanitaria nese municipio”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O concello de Soutomaior conta co Centro de Saúde de Arcade e co Consultorio de Romaríz.

No Centro de Saúde de Arcade hai tres médicos (2 médicos de familia e unha pediatra) e 3 Diplomadas Universitarias de Enfermería (DUE). No Consultorio de Romaríz hai 1 médico de familia e 1 DUE.

Polo tanto a dotación de persoal é axeitada ás necesidades sanitarias do Concello de Soutomaior.

As baixas e vacacións do persoal estanse a cubrir de maneira axeitada, aínda que é certo que no tocante a pediatría existe unha limitación de pediatras de atención primaria na nosa Comunidade Autónoma, non obstante non se variou a cobertura de ausencias que, leva anos facéndose entre os pediatras de Soutomaior e Vilaboa.

Non se observa incremento da actividade asistencial respecto ao ano anterior, nin demoras importantes na cita, polo que consideramos que a organización asistencial en Soutomaior segue a dar reposta axeitada ás necesidades da veciñanza do Concello.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:39:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13113

Data envío: 26/07/2017 15:39:52.513

Data 26/07/2017 15:39

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10736**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre “**o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017**”, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural informa que esta iniciativa xa foi respondida no pasado Pleno, celebrado o 12 de xullo de 2017, pola conselleira do Medio Rural, dando resposta á pregunta 10738.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: efef0e89-6726-5b29-5493-bea61d6c80c3




Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:39:47




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



AG/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11186**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a partida orzamentaria na que están consignados os cerca de 8 millóns de euros correspondentes ao investimento anunciado polo Goberno galego para a rehabilitación do Hospital Materno-Infantil de Lugo”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa actuación para o Centro Integral de Saúde de Lugo cos orzamentos do 2017 asumirase a realización do anteproxecto e a redacción do proxecto básico de execución. Existe o firme compromiso de que segundo as fases que marque este proxecto, no orzamento do ano 2018 e seguintes incluíranse as anualidades dependendo do prazo de execución do proxecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señorans Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6083**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras ao río San Fins de augas ácidas residuais procedentes da mina de San Fins, no concello de Lousame”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida na sesión da Comisión 2ª, celebrada o pasado 2 de abril de 2017, polo Director de Augas de Galicia, dando resposta á pregunta 4307.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:34:54



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7446**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as condicións laborais dos traballadores do transporte por estrada de Sogama”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida na sesión da Comisión 2ª, celebrada o pasado 2 de maio de de 2017, pola Directora de Calidade Ambiental e Cambio Climático, dando resposta á pregunta 7445.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:36:13



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8234**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para evitar novos asolagamentos na vila de Sada”**, (publicada no BOPG número 109 do 3 de maio de 2017), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida na pasada Comisión 2ª, celebrada o 1 de xuño de 2017, polo Director de Augas de Galicia, dando resposta á pregunta 8232.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:36:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8945**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as consecuencias de tipo sancionador que podería ter a fixación dun prezo mínimo para o leite pola Administración autonómica e a súa afectación”**, (publicada no BOPG número 115 do 18 de maio de 2017), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural informa que esta iniciativa xa foi respondida na Comisión 7ª, celebrada o 26 de maio de 2017, pola Directora Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dando resposta á pregunta 8944.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:37:37



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4809**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo, as razóns da diminución ano a ano das indemnizacións polos danos que causa e o tempo que leva de media a tramitación dos expedientes de indemnización, así como o recoñecemento da especial incidencia dos ataques do lobo no concello de Cotobade-Cerdedo e o estudo de medidas de protección para que o terreo pase a ser zona 1”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida na sesión plenaria celebrada o pasado 8 de marzo de 2017 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dando resposta á pregunta 4808.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:35:25



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **8256**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa sentenza do Tribunal Supremo que deixa sen efecto a autorización ambiental integrada outorgada para a instalación e o funcionamento da cementeira de Castro, en Narón”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida na sesión plenaria celebrada o pasado 21 de xuño de 2017 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dando resposta á pregunta 8754.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:36:43



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7686**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“os datos referidos ás actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego ata o ano 2020 con cargo ao plan específico para fixar poboación ao medio rural, dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de fixación da poboación no medio rural conta cunha dotación orzamentaria de preto de 231 millóns de euros.

O seu principal obxectivo é a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

O plan xira arredor de seis grandes eixos, que pasan pola cohesión territorial, a innovación e a formación, a agricultura sustentable, a mellora da competitividade, a remuda xeracional e a cooperación. Cada un deles desenvólvese en diferentes medidas (23 en total) dotadas co seu correspondente orzamento.

A **cohesión territorial** é un dos eixos máis importantes sobre os que xira o plan e proba diso é que é a área que conta cun maior orzamento.

1. Camiños municipais

• **Obxectivo:** Promover a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade a fincas e explotacións agrarias e forestais, así como a mellora da

accesibilidade aos núcleos de poboación.

- **Dotación económica:** 16.000.000 € (bianual 8.000.000 € + 8.000.000 €)
- **Indicadores:** - 650 km a dous anos

2. Reestruturación parcelaria

Obxectivo: Reestruturación da propiedade no rural para facer máis competitivas as explotacións agrarias, facéndoas máis rendibles e abaratando os custes de explotación.

- **Dotación económica:** 26.900.000 €
- **Indicadores:** - 130 procesos abertos finalizados en catro anos
- 5.000 ha. anuais de novos procesos de reestruturación parcelaria

3. Incremento da base territorial das explotacións

• **Obxectivo:** Aumento da base territorial das explotacións, poñendo a disposición das mesmas a terra que precisan para facelas máis competitivas. Co Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria de Superficie (MARCOS) como sistema complementario á reestruturación da propiedade de arrendamentos de leiras non utilizadas, e Creación da UAXE (Unidade de Asesoramento e Xestión de Explotacións Agrarias) para intermediar entre os que abandonan a súa explotación e os que buscan unha oportunidade no medio rural.

- **Dotación económica:** 100.000 € para 2017
- **Indicadores:** - 300 ha. para 2017

4. Actividades non agrícolas

Obxectivo: Creación e desenvolvemento de pequenas empresas non agrícolas, dinamizando así o tecido económico do rural, fomentando a creación de emprego e riqueza.

- **Dotación económica:** 5.500.000 € (bianual 3.500.000 € + 2.000.000 €)
- **Indicadores:** - 267 proxectos de inversión a catro anos

- 187 empregos creados a catro anos

5. Programa Leader

• **Obxectivo:** Fomentar a participación e planificación por parte das comunidades locais para elaborar e executar una estratexia de desenvolvemento local baseada nas necesidades específicas de cada comunidade rural.

• **Dotación económica:** 21.150.102 € (bianual 13.520.102 € + 7.630.000 €)

• **Indicadores:**

- 1.496 proxectos financiados
- 592 postos de traballo creados
- 11 proxectos de cooperación a catro anos

6. Cadeas curtas de distribución

Obxectivo: Fomentar a cooperación entre pequenos produtores para a creación e consolidación de mercados locais e cadeas curtas de distribución, cun só intermediario entre produtor e consumidor. Entenderase por mercado local o comprendido nun radio non superior a 20 km dende a explotación de orixe.

• **Dotación económica:** 854.000 € (bianual 427.000 € + 427.000 €)

• **Indicadores:** - 25 mercados locais e CCD a catro anos

7. Mellora dos sistemas de rega

Obxectivo: Aposta pola modernización dos regadíos, co aforro e eficiencia que leva, incrementando os rendementos económicos das explotacións.

• **Dotación económica:** 1.559.666 €

• **Indicadores:** - 4.064 ha. en 2017

O rural en Galicia ten un peso incuestionable. Somos o primeiros en moitos sectores pero agora queremos ser tamén pioneiros e os primeiros en **innovación**. Para iso, apostamos por outras seis medidas que aposten pola innovación e a formación:

1. Creación de grupos innovadores

- **Obxectivo:** Apoiar a creación de grupos innovadores polos agricultores, gandeiros, silvicultores, investigadores, empresas do sector agrario, cooperativas, etc., que dean resposta e solución a problemas concretos ou oportunidades nos sectores agroalimentarios e forestais.

- **Dotación económica:** 412.253,33 €

- **Indicadores:** - 108 operativos a catro anos

2. Execución de proxectos innovadores

- **Obxectivo:** Impulsar proxectos innovadores que teñan efecto directo sobre a mellora da competitividade dos produtores primarios, integrándoos na cadea agroalimentaria, engadindo novo valor aos produtos agrarios e promovendo os mercados locais.

- **Dotación económica:** 3.771.323 € (2.175.378 € 2017 + 975.300 € 2018 + 620.645 € 2019)

- **Indicadores:** - 108 proxectos innovadores a catro anos

3. Fomentar proxectos piloto

- **Obxectivo:** Apoio para proxectos piloto e para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, proxectos e tecnoloxías.

- **Dotación económica:** 1.633.719,29 € (741.830,67 € + 545.043,62 € + 346.845 €)

- **Indicadores:** - 97 proxectos piloto a catro anos

4. Actividades de demostración e información

- **Obxectivo:** Axudas para o coñecemento de novas tecnoloxías, métodos de cultivo ou técnicas de produción a través da demostración en explotacións ou difusión da información en feiras, xornadas ou soportes impresos ou electrónicos.

- **Dotación económica:** 1.296.700 €
- **Indicadores:** - 2.000 actuacións a catro anos

5. Erasmus agrario

- **Obxectivo:** Promover o intercambio e visitas a explotacións agrarias doutros países da Unión Europea, para intercambiar coñecementos e boas prácticas.
- **Dotación económica:** 613.229 € (bianual 360.723 € + 252.506 €)
- **Indicadores:** - 353 Erasmus agrícolas a catro anos

6. Formación

- **Obxectivo:** Formación profesional continua en materia agropecuaria e forestal, complementaria á formación regulada, con especial orientación aos novos agricultores e silvicultores.
- **Dotación económica:** 2.595.300 €
- **Indicadores:**
 - 49.500 participantes a catro anos
 - 10.313 días de formación (8h/día)
 - 3.300 cursos ou actuacións de información a catro anos

A **agricultura sostible** é outra das vías deste plan xa que é un dos campos que máis crece nos últimos anos e sempre co obxectivo último de facer máis atractivo o rural como modo de vida.

1. Agroambiente e clima

- **Obxectivo:** Fomentar o uso de prácticas agrícolas sostibles por parte dos agricultores mediante a suscripción de contratos ou compromisos de prácticas respectuosas co medio ambiente e o clima na súa explotación agrícola, compensando as maiores esixencias que iso implica.

- **Dotación económica:** 14.276.742 €

- **Indicadores:** - 2.396 contratos a catro anos: 500 para o pastoreo no sector lácteo 1.601 para a xestión sostible de pastos - 74.100 ha.

2. Agricultura ecolóxica

- **Obxectivo:** Fomentar os compromisos voluntarios de adoptar prácticas e métodos de agricultura ecolóxica, compensando os sobrecustos que as ditas prácticas supoñan.

- **Dotación económica:** 4.300.000 € (2017 ao 2021)

- **Indicadores:** - 230 contratos a catro anos
- 7.880 ha.

3. Mantemento de actividades agrarias en zonas con limitacións naturais

- **Obxectivo:** Mantemento da actividade agraria sostible, evitando o despoboamento e abandono das zonas rurais con limitacións naturais, compensando os custos adicionais provocados polas desvantaxes propias desas zonas.

- **Dotación económica:** 16.995.025 €

- **Indicadores:** - Zona de montaña 5.535 explotacións a catro anos 120.000 ha. -
Outras zonas 3.965 explotacións a catro anos 118.000 ha.

Non pode haber futuro no rural se non é **competitivo**, por este motivo imos potenciar a introdución de novas tecnoloxías tanto na transformación e comercialización de produtos (e así darlle un valor engadido aos mesmos co que aumentar os ingresos) como no eido forestal.

1. Transformación e comercialización de produtos agrarios

- **Obxectivo:** Potenciar a introdución de novas tecnoloxías para a transformación e comercialización de produtos agrícolas, dando valor engadido á produción e facilitando o seu acceso aos mercados, beneficiando o tecido económico das zonas rurais. Potenciar a comercialización de produtos a través de denominacións de calidade.

- **Dotación económica:** 27.464.419 € (2017, 2018 e 2019) 3.887.000 (2.687.000 € 2017 + 1.200.000 € 2018)

- **Indicadores:**
 - 655 proxectos a catro anos
 - 28 denominacións a catro anos

2. Investimento en tecnoloxías forestais

- **Obxectivo:** Axudas á utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía que se correspondan co primeiro tratamento da mesma. Investimentos en equipos e instalacións móbiles de procesamento da madeira deseñadas para ser desprazadas ás inmediacións da área de corte.

- **Dotación económica:** 9.600.000 € (bianual 3.200.000 € + 6.400.000 €)

- **Indicadores:**
 - 150 proxectos a catro anos

Se queremos ser competitivos e mellorar as rendas agrarias é necesario estar unidos. Para iso, a filosofía da Xunta e máis concreto da Consellería do Medio Rural pasa por fomentar o **cooperativismo**. Así, temos ordes de axudas de utilización de maquinaria e equipamentos vinculadas á súa utilización en común:

1. Utilización de maquinaria en réxime asociativo

- **Obxectivo:** Fomentar a utilización de maquinaria de forma colectiva, abordando conxuntamente os traballos do eido agrícola e gandeiro e mellorando a eficiencia dos procesos produtivos e creando unidades produtivas máis sustentables, económico-social e ambientalmente.

- **Dotación económica:** 2.975.000 € (2017)

- **Indicadores:**
 - 4.600 proxectos a catro anos (conxuntamente con Plans de Mellora)
 - 4.000 explotacións a catro anos (conxuntamente con Plans de Mellora)

2. Utilización de equipamentos en común.

- **Obxectivo:** Fomentar o uso de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo cun uso máis racional dos factores de produción para acadar unhas explotacións máis eficientes e sostibles, mellorando as condicións de vida da poboación vinculada a

estes sectores.

- **Dotación económica:** 4.000.000 € (400.000 € 2017, 400.000 € 2018 e 3.200.000 € 2019)
- **Indicadores:**
 - 4.600 proxectos a catro anos (conxuntamente con Plans de Mellora)
 - 4.000 explotacións a catro anos (conxuntamente con Plans de Mellora)
 - *Remuda xeracional* → 65.000.000 euros

Un dos ámbitos que máis nos preocupan é a **remuda xeracional** porque é imprescindible que haxa mozos no rural para fixar poboación e evitar o despoboamento. Para iso, a clave é facelos líderes das explotacións e que estas sexan competitivas. Aquí é onde entran en xogo unha das convocatorias de axudas máis demandada da Consellería e que se divide en tres:

1. Instalación de mozos na actividade agraria

- **Obxectivo:** Axudar ás primeiras instalacións promovidas por mozos, fomentando a substitución xeracional nas explotacións agrarias.
- **Dotación económica:** 20.000.000 € (2.000.000 € 2017 + 10.000.000 € 2018 + 8.000.000 € 2019)
- **Indicadores:** - 2.200 mozos instalados a catro anos

2. Inversións en explotacións agrícolas

- **Obxectivo:** Mellora do rendemento económico por unidade de traballo e mellora das condicións de produción para acadar unha maior produtividade das explotacións.
- **Dotación económica:** 40.000.000 € (4.000.000 € 2017 + 4.000.000 € 2018 + 32.000.000 € 2019)
- **Indicadores:**
 - 4.600 proxectos apoiados en catro anos (conxuntamente cos de cooperación)
 - 4.000 explotacións a catro anos (conxuntamente cos de cooperación)

3. Pequenas explotacións

- **Obxectivo:** Fomentar a creación de empresas para o desenvolvemento das pequenas explotacións, de maneira que melloren os seus resultados económicos promovendo a súa modernización e incrementando a súa orientación cara o mercado.
- **Dotación económica:** 5.000.000 € (500.000 € 2017 + 2.500.000 € 2018 + 2.000.000 € 2019)
- **Indicadores:** - 960 explotacións a catro anos .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/07/2017 15:36:02




Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017.

INTERVENCIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

María Consuelo Martínez García, en representación do Grupo Parlamentario Mixto na IX Lexislatura, adxunta a este escrito a contabilidade requerida nos modelos de balance e de conta de resultados, relativa ao exercicio do 2016.

Esta documentación substitúe á anteriormente presentada nese Servizo.



Asdo.: María Consuelo Martínez García

BALANCE DE SITUACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO

2016

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	
I. Inmobilizado	
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
B) ACTIVO CORRENTE	0
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría	
TOTAL ACTIVO (A+B)	0

PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	
0	
<i>A-1) Patrimonio xerado</i>	
I. Excedentes anteriores	
II. Excedentes do exercicio	
<i>A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados</i>	
B) PASIVO NON CORRENTE	
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	
III. Acredores e outras contas a pagar	
IV. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	0



**EL BALANCE A 31/12/2016 ES CERO POR LA CANCELACIÓN DE DEUDA
Y DISOLUCIÓN**

DEL GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO.

CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO

2016

CONTA DE RESULTADOS		
	(Debe)	Haber
1. Ingresos de orixe pública		
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA	116.875,69	
2. Gastos de persoal		75.406,97
3. Achegas a formación política		44.305,59
4. Gastos da actividade ordinaria		
5. Amortización do inmovilizado		
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)		119.712,56
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B)	2.836,87	
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)		
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)		
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727